

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA**Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS DO CONCELLO 2022***Orzamento xeral do Concello para o exercicio 2022****Anuncio aprobación inicial.**

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o día 07.01.2022, aprobou inicialmente os orzamentos xerais do Concello para o exercicio 2022, integrados polo orzamento do Concello e a previsión de ingresos e gastos da sociedade mercantil "Turismo de Pontevedra, S.A.", cuxo importe consolidado de ingresos de 85.921.000,00.-€, e o importe consolidado de gastos de 85.913.035,00.-€.

No mesmo acordo aprobouse inicialmente o cadro de persoal do Concello de Pontevedra para o ano 2022.

Polo tanto, sométese o expediente do Orzamento Xeral 2022 e o de aprobación do Cadro de Persoal aos requisitos de publicidade do artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con información pública polo prazo de quince días hábiles.

A estes efectos publicaranse anuncios de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro municipal.

Así mesmo, e de acordo co artigo 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma) publícase o seu texto na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal), xunto coas súas correspondentes memorias xustificativas e informes, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións anteriormente exposto. Faise constar esta publicación para os efectos da súa consulta, sen prexuízo da do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para 2022, considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia o Cadro de Persoal, que entrará en vigor xunto co Orzamento Xeral do Concello para o ano 2022, excepto a supresión dunha praza de bombeiro-condutor da clase servizo de extinción de incendios, da subescala de servizos especiais da escala de administración especial e a creación dunha praza de cabo da clase servizo de extinción de incendios, da subescala de servizos especiais da escala de administración especial, que entrará en vigor con efectos do 1 de xullo de 2022.



Mércores, 12 de xaneiro de 2022

Núm. 7

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Publicaranse ambos instrumentos, así mesmo, na sede electrónica municipal, de conformidade cos artigos 7 e 8, en relación co 5, da Lei 19/2013.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura.

O Secretario.

